



Xullo 2004

Periódico labrego de información
técnica e sindical

Prezo: 1'80 euros

Número de rexistro: 980635

T Á B O A

■ Galiza

A Lei de Montes proposta pola Xunta, nefasta para o mancomún

A Organización Galega de Comunidades de Montes (ORGACMM) denunciou os aspectos negativos para os montes mancomunados que contén o borrador do anteproxecto da Lei de Montes de Galiza presentado por Medio Ambiente, e que asenta as bases para privatizar este tipo de propiedade colectiva. **Páx. 6**

■ Muller

Resposta tímida da Xunta ante os problemas das labregas

O pasado 16 de marzo, a Secretaría da Muller do SLG transmitíalle un cadro reivindicativo ao Servizo Galego de Igualdade coas principais demandas das labregas galegas. Tres meses despois, a resposta deixa un sabor agri doce. **Páx. 12**

■ Agroecoloxía

O SLG celebra unha xornada centrada na carne ecolóxica

A sexta xornada sobre gandería ecolóxica tivo lugar en Riós (Ourense), e estivo centrada no debate sobre a alimentación do gando. A pesar do pouco axeitada que era a data, en plena recollida de herba, conseguiuase unha asistencia moito maior da habitual. **Páx. 13**



**SINDICATO
LABREGO
GALEGO
COMISSIONS
LABREGAS**

Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tlf. 981 554147
Fax 981 572570
e-mail: fouceslg@terra.es

A Lei do Solo adaptarase aos intereses labregos grazas ás alegacións do SLG

■ O proceso de negociación da Lei do Solo culminou coa admisión de boa parte das alegacións presentadas polo SLG para que a normativa se adapte aos intereses dos labregos e labregas.

■ Tras esta victoria, o Sindicato Labrego xa apunta ao seu seguinte obxectivo na normalización das explotacións agropecuarias de Galiza: a licenza de actividade. **Páx. 7**



Vía Campesina engrasa a súa maquinaria para loitar contra a globalización no agro

O Sindicato Labrego Galego participou na cuarta Conferencia Internacional da Vía Campesina, celebrada en Sao Paulo entre o 14 e o 19 de xuño, coa presenza da súa Secretaria Xeral, Lidia Senra, e Xosé Ramón Cendán. Entre as novidades máis

salientábeis están a do nomeamento dun novo coordinador da Secretaría Operativa de Vía Campesina, o indonesio Henri Saragui; e a inclusión de Lidia Senra, en representación de Europa, na Comisión de Xénero. **Páxs. 8, 9 e 16**

Pedirán a anulación do xuízo pola tractorada se non se absolve a Puga

O pasado 24 de xuño celebrouse por fin o xuízo pola tractorada da pataca que sentou no banco dos acusados a algúns dos policías autores da brutal represión, e ao compañeiro Xosé Manuel Puga acusado falsamente de

agredir a un dos axentes. O feito de que non se permitise aportar probas fundamentais como dúas testemuñas ou un vídeo obrigará a pedir a nulidade do xuízo en caso de que non absolvan a Puga. **Páx. 5**



O SLG apoia o manifesto por unha Galiza sustentábel no Día do Medio Ambiente

Un milleiro de persoas manifestouse en Compostela o 6 de xuño para celebrar o Día Mundial do Medio Ambiente. O manifesto incluíu propostas defendidas polo SLG, como a aposta por alimentos sans e de calidade de explotacións labregas, ou o rexeitamento explícito dos transxénicos. **Páxs. 2 e 3**

Durante o mes de xullo poderán solicitarse, entre outras, as axudas para explotacións agrarias e gandeiras que utilicen métodos compatíbeis co medio ambiente

Máis información na páxina 15 deste número de Fouce ou en calquera oficina do SLG



Edita:

Edicións Fouce

Departamento de Publicacións de
Servicios Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646

Coordinación:

Xosé García

Colaboracións: Lidia Senra,
Xosé Pérez Rei, Celso Milleiro,
Eloi Davila, Xan Pouliquen e
Pilar Penín.

Deseño e maquetación:

Xosé García

Sede da redacción:

Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tlf. 981 580449
Fax: 981 572570

Depósito Legal: C-749/88



Manifesto por unha Galiza sustentábel

Diversas organizacións apoiaron a única declaración galega no Día Mundial do Medio Ambiente

Un milleiro de persoas manifestouse nas rúas de Compostela o pasado 6 de xuño para celebrar o Día Mundial do Medio Ambiente. Secundado por varias organizacións, o manifesto ao que deu lectura a cantante Uxía Senlle

incluiu propostas do SLG, como a aposta por uns alimentos sans e de calidade producidos en explotacións labregas que permitan a existencia dun mundo rural vivo, ou o rexeitamento explícito dos transxénicos.



**SINDICATO
LABREGO
GALEGO**

COMISIÓN
LABREGAS

LOCAIS

SANTIAGO DE COMPOSTELA
Rúa Touro nº 21, 1º. Tlf. 981 588532
MELIDE - Praza do Convento nº2
ARZÚA - Rúa Padre Pardo nº24, 1º D
MUXÍA - Antiga autoescola Quintáns
CARBALLO
Rúa Río Sil nº 52, Baixo. 981 703169
MAZARICOS - Bar Jurjo
SANTA COMBA
Rúa Pontevedra, Tlf/Fax. 981 880909
ORDES
Rúa Xeneralísimo nº 38, 1º
Tlf. 981 682908
PONTE CARREIRA - Bar O Taxista
BETANZOS
Praza da Constitución nº 4, 1º.
Tlf: 981 773377
SARRIA
Rúa Nova 60, entrechán. 939 274186
CURTIS
Av. do Xeneralísimo nº 64. 981 786654
MOECHE - Casa Luciano
AS PONTES - Rúa Balsa nº 28
O BARCO - Local AISS
Tel. 988 321511 / Fax: 988326823
CELANOVA - Rúa Areal nº6, baixo.
VERÍN
Travesía de Sousas nº 20, Galerías
Maga Tlf. 988 590438; Fax 988 590439
RIBADAVIA
CIG Casa Sindical. Tlf. 988477230
Fax. 988477230
XINZO
Casa Sindical Tlf. 988 462547
CASTROCALDELAS
Sala do Sotelo de Castro
MONTEDERAMO
Local da Cámara Agraria
LUGO
Miguel de Cervantes nº47, ent.
Tlf. 982 231154
MONFORTE
Local da CIG en AISS. Tlf. 982 403005
CHANTADA
Praza do Concello, baixos AISS
Tlf/Fax: 982 462103
ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria
RIBADEO
Av. de Galiza nº20, 3º. AISS
Tlf/Fax. 982 130615
LOURENZÁ
Av. da Mariña nº11, 1º. Tlf. 982 121376
VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A.
Tlf.982 512431
A ESTRADA - Capitán Bernal nº10, 1º
Tlf/Fax 986 573232
AGOLADA - Bar Central
FORCAREI - Casa do Concello
MEIRA - Xeneralísimo 47-49. Edf. Miño
Entrechán E. Tlf/Fax: 982 331714
LALÍN -
Arenal nº1, ent 3. Tlf. 986 782191
SILLEDA - Avenida do Parque, 32
Centro comercial O Parque, oficina 12
986 580526
TEIXEIRO
Rúa Martínez Pardo nº13, 1º esq
PONTEAREAS
R/ Darío Bugallal nº15, 1º. 986 641508
Martes a xoves, de 10.00 a 13.00
O ROSAL
Rúa Ramón Franco, Edf. Rosales.
Tlf. 986 625 394
O SALNÉS
Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes,
Ribadumia. Tlf. 986 711825
VIANA DO BOLO
Antigo centro de saúde.

Unha Estratexia de Desenvolvemento Sustentábel para Galiza

O futuro pasa ineludiblemente por asumirmos que o crecemento material ten un límite e que os recursos naturais deben de se compartir dende a equidade e a sustentabilidade. Cómpre unha Estratexia de Desenvolvemento Sustentábel, consensuada coa sociedade civil, que aporte ferramentas, solucións e obxectivos para mudar as actuais dinámicas destrutivas.

No camiño cara a sustentabilidade é fundamental garantir o acceso á información, promover a educación ambiental (EA) e fortalecer a participación social. Solicitamos novamente a aplicación da Estratexia Galega de EA e queremos un Observatorio de EA realmente participativo que impulse, dinamize e avalíe a aplicación da Estratexia.

Nunca máis mareas negras

Galiza é o país do mundo



O evento contou co apoio de colectivos ecoloxistas, veciñais, políticos e sindicais de toda Galiza

que máis ten sufrido as mareas negras. O accidente do Prestige, por causa da desastrosa xestión dos gobernos central e galego, converteuse nunha grave catástrofe ecolóxica, cuxas consecuencias aínda se deixarán sentir durante moito tempo.

O berro de "Nunca máis"

segue vixente. Máis de ano e medio despois da catástrofe persiste a ameaza do fuel que ficou no buque afundido e aínda resta moito por facer para minimizar o risco de novas mareas negras no noso e en todos os mares do planeta e para que o noso país estea minimamente

preparado para facer fronte a unha nova marea negra. Por outro lado, a catástrofe do Prestige debe ser unha seria chamada de atención para reduciros a nosa dependencia do petróleo e para revisarmos un modelo de desenvolvemento insustentábel



No transcurso da manifestación houbo unha chamada para salvar ao río Ulla dos plans de Unión Fenosa, que pretende destruílo coa construción de varios encoros

Sobran presas, faltan ríos vivos

Os nosos ríos constitúen un valioso patrimonio colectivo que debe ser conservado e utilizado para aumentar o benestar de todos e todas. En lugar de construír máis encoros, cómpre mellorar o estado ecolóxico dos ríos e controlar as demandas de auga e electricidade. Aforro e eficiencia no uso da auga e da electricidade significan menos contaminación, menos gasto enerxético e natureza en mellor estado.

Da mesma forma que vai ser revisado o Plano Hidrolóxico Estatal, demandamos á Consellería de Medio Ambiente a revisión dos Planos Hidrolóxico e Hidroeléctrico de Galiza-Costa e a súa adaptación á Directiva Marco da Auga. Manifestamos a nosa oposición a proxectos de encoros como os do Ulla, Lérez, Sela (Miño), Narla, Verdugo, Xesta, Outón,... Tamén esiximos a recuperación inmediata da ferverenza de Ézaro (Xallas).

Explotacións labregas para manter a existencia mundo rural vivo e próspero

As demandas para o Día Mundial do Medio Ambiente relacionadas coas actividades agropecuarias complétanse cun apartado dedicado aos incendios forestais, cualificados como a

"marea negra" dos nosos montes". Neste senso, demándase unah nova política forestal e de loita contra os lumes que sexa expresión do consenso social e dea prioridade á prevención;

concilie as funcións produtivas, ecolóxicas e sociais do monte; e favoreza os bosques autóctonos. Tamén se reivindicou a necesidade dunha xestión forestal sustentábel.

Si á redución, reutilización e reciclaxe. Non á incineración

A produción de residuos urbanos e industriais medra rapidamente. Cómpre aplicar medidas eficaces para a redución, a reutilización, a reciclaxe e a compostaxe.

Denunciamos a opción preferente de SOGAMA pola incineración e expresamos o noso apoio aos planos de xestión do lixo da Coruña, Barbanza e Illa de Arousa.

Pedimos unha maior promoción das tecnoloxías limpas e opómonos á queima de aceites usados en cerámicas e de pneumáticos na cemeiteira de Oural (Sarria).

Pola defensa da biodiversidade

Aínda que son insuficientes, demandamos a aplicación da lei de conservación da natureza e da estratexia de conservación e uso sustentábel da biodiversidade e a protección especial dos espazos naturais máis valiosos, materia na que continuamos á cola de Europa.

Cómpren planos de xestión para todos os espazos naturais e a ampliación da Proposta para a Rede Natura 2000 e do Parque Nacional das Illas Atlánticas. Non nos conformamos cunha protección teórica. É preciso evitar a execución nos nosos mellores espazos naturais de proxectos como canleiras, presas, parques eólicos, canalizacións, portos, recheos, campos de golf e urbanizacións anexas, piscifactorías,....

Os incendios forestais teñen solución

Os incendios forestais son a "marea negra" dos montes. Os seus prexuízos



A procesión da Burla Negra, lúdica e reivindicativa a un tempo, cunha crítica global e irónica á política e actuacións ambientais da Xunta, foi das máis vistosas da manifestación

seguen sendo enormes. A actual política autonómica, curtopracista e moito máis preocupada pola incidencia mediática dos lumes que pola súa solución real, é ineficaz.

Demandamos unha nova política forestal e de loita contra os lumes, froito dun amplo consenso social e político, que priorice a prevención, concilie as funcións produtivas, ecolóxicas e sociais do monte e favoreza os bosques autóctonos. Apoiamos a certificación forestal baixo o selo FSC como estímulo para unha xestión forestal sustentábel.

A saúde é o primeiro

A nosa saúde depende estreitamente da calidade ambiental. Queremos cidades e vilas menos contaminadas, menos ruidosas e máis habitábeis, para o cal é prioritario reducir o tráfico de automóbeis, promover o transporte público e controlar o ruído dos locais de diversión.

Desexamos consumir ali-

mentos sans e de calidade producidos en explotacións labregas que permitan a existencia dun mundo rural

vivo e próspero. Rexeitamos os alimentos transxénicos e queremos unha etiquetaxe máis rigorosa. Esiximos a

aplicación do principio de precaución para prevenir posibles efectos negativos da contaminación electromagnética orixinada pola telefonía móbil e os tendidos eléctricos.

Pola paz

O industrialismo, hoxe na súa forma de globalización neoliberal, está a destruír a Terra e a quen a habitamos. A crise ecolóxica global está a provocar morte, enfermidade e degradación das condicións de vida por todo o planeta, tamén ao aumentar os conflitos por recursos moi prezados e finitos, como o petróleo ou a auga, conflitos que adoitan ser tratados por medio da violencia.

A construción dun mundo no que poderemos convivir en paz pasa necesariamente pola sustentabilidade ecolóxica e a xustiza social, dentro dos diferentes países e entre eles.

Asinaron o manifesto: Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (Adega); Bloque Nacionalista Galego (BNG); Confederación Intersindical Galega (CIG); Confederación Galega de Asociacións de Veciños (Cogave); Coordinadora Antiencoros de Caldas, Cuntis e Moraña; Coordinadora Galega en Defensa dos Ríos (Cogader); Izquierda Unida (IU); Federación Ecoloxista Galega (FEG); Galiza Nova (GN); Organización Galega de Comunidades de Montes Veciñais en Man Común (ORGACMM); Plataforma pola defensa da Ría de Vigo (PDRV) e Comisións Obreiras (CCOO).



A figura caricaturizada de Manuel Fraga foi un dos principais blancos dos dardos da Burla Negra

editorial

Cando se reúnen os organismos internacionais, entre eles a Organización Mundial do Comercio (OMC), asisten representantes do Goberno Español e da Unión Europea, así como das empresas multinacionais, para decidir como comerciar cos produtos agrícolas, como ser máis competitivos, ou como facer que as empresas gañen máis. A Xunta de Galiza tamén está informada destas negociacións. A pesar de todo, nin o Goberno Español nin o Galego din nada de todo isto e dedícanse a agachar calquera información ao respecto, xa que se a xente soubese deste tipo de negociacións e das súas consecuencias sería un escándalo. Por iso calan.

En Xenebra, como sede fixa da OMC, ou en calquera lugar do mundo, estase a preparar unha rolda de negociacións. E alí estará o Goberno Español sen nos dicir nada. Nese tipo de roldas acórdanse decisións coma baixar os prezos ao nivel do país que produza máis barato, obrigarnos a que teñamos que importar produtos deses países aínda que teñamos suficiente produción propia como forma de baixar o prezo, ou impoñernos a compra de transxénicos. Tamén acordan reprimir as protestas. Son acordos de tipo político e económico que asina o representante de Zapatero ou de Fraga; son acordos dos que

O SLG, con Vía Campesina, na vangarda da loita agraria no mundo

non se nos di nada, aínda que despois apandemos coas consecuencias.

Diante deste panorama cómpre ter un Sindicato Labrego Galego que manteña a loita e a forza para trocar a política agraria; para ser un contrapeso da industria e das grandes empresas en Galicia; para ter alianzas con outras organizacións coas que coincida nos principios no Estado Español, en Europa e tamén a escala global en todo o mundo. En definitiva, para saber das decisións que se toman fóra e coñecer as súas consecuencias sobre a Galicia, para poder exercer presión en caso de que nos afecten, para que non poidan facer de nós o que queiran.

Dende este punto de vista, Vía Campesina é o maior movemento de labregos do mundo, con grandes mobilizacións de protesta en moitos países na súa década de existencia como as de Xenebra, Seattle, Cancún ou Roma. Non conseguíu grandes melloras, iso é certo, pero si paralizou que se chegase a novos acordos que nos terían prexudicado aínda máis. Nosoutros, como Sindicato

Labrego Galego, tamén somos a Vía Campesina e, polo tanto, formamos parte dun movemento mundial que aglutina a organizacións de labregas e labregos, de traballadores e traballadoras do campo, ou de pobos indíxenas de Asia, Europa, América e África. En xuño reunímonos todos e todas en Itaici, Brasil, na cuarta Conferencia Internacional de Vía Campesina. Galicia estivo representada neste evento por Lidia Senra, Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego, e por Xosé Ramón Cendán, coordinador das relacións exteriores do SLG e membro da Executiva da Coordinadora Labrega Europea. Lidia e Xosé Ramón foron recibidos dun xeito caloroso, fraternal e combativo polos seus anfitrións -as organizacións da Vía Campesina- como era de agardar nun acontecemento destas características.

A Conferencia Internacional de Vía Campesina serviu para analizar as loitas que levadas a cabo e aquelas que han vir; para consolidar o avance e fortaleza do noso movemento; para analizar as

consecuencias do modelo económico que sufrimos para beneficiar ás grandes empresas e supermercados multinacionais, un modelo que sigue sendo imposto sen escrúpulo algún a pesares das súas nefastas consecuencias sobre o meirande dos pobos da terra e a pesares das boas palabras coas que nos pretenden abraiar os nosos gobernantes.

Pero a loita sigue en pé, e non moi lonxe, o vindeiro 10 de setembro, organizacións de diversos países, avaladas pola Vía Campesina, xuntaran a centos de miles de manifestantes en todo o mundo que volverán reivindicar o dereito a producir e vivir dignamente do traballo agrícola no Día Mundial da Loita contra a OMC, instituído a partires deste ano 2004 en honra da inmolación do noso compañeiro coreano Lee, que se suicidou en Cancún o pasado mes de setembro de 2003 en protesta polas consecuencias desastrosas que estaban a ter as políticas da OMC para millóns de familias labregas en todo o mundo.

A última etapa do anterior Goberno e, polo tanto, a do anterior Ministerio de Agricultura, veu marcada pola intención clara de dirixir ao sector lácteo cara a un modelo determinado que se basea na existencia de explotacións moi grandes e escasas; dito doutro xeito, o modelo pretendía substituír as explotacións agrarias polas industrias dos agronegocios ou da especulación.

Para consolidar este modelo, o Goberno do Partido Popular e o Ministerio dirixido por Arias Cañete sacaron adiante un paquete lexislativo que constaba, basicamente, de tres decretos: o de xestión de cota, o de xestión de taxa, e un terceiro chamado de trazabilidade. O primeiro tiña como obxectivo fundamental privatizar a reserva; o segundo a aplicación da taxa a todo o leite producido fóra de cota ou de control; e o terceiro foi concibido como mecanismo de control, sobre todo do sector produtor.

Co troco de siglas no Goberno, foron varias voces as que afirmaban que se ían paralizar estes decretos. Todos e todas supuxemos que, se había un novo proxecto para o sector lácteo diferenciado do anterior, debería haber certas reformas na lexislación dun xeito inmediato. Nembargantes, a realidade actual é que todos os esforzos lexislativos camiñan, ata de agora, por unha senda moi semellante á do anterior Ministerio, e así vemos que:

O PSOE continúa coa política do PP para o sector lácteo

por Xabier Gómez Santiso

■ O proxecto de abandono segue sendo o que deixou redactado o anterior Ministerio de Agricultura.

■ Ofértase cota do fondo, pero é unha miseria e mantén os mesmos criterios de asignación que houbo toda a vida.

■ Sacan un proxecto de axudas para os "axentes" do sector -todos menos os produtores e produtoras- para aplicar o decreto de control ou de trazabilidade.

A señora Ministra, Elena Espinosa, veu a Galiza a comunicarnos ao sector produtor a nova de que non teríamos máis cota, cousa que por outra banda xa sabíamos; o malo é que tampouco nos deu ningunha esperanza co seu proxecto. Podía non haber máis cota pero existir unha intención de redistribuír a mesma para darlle viabilidade ao máximo número de explotacións, por exemplo; pero a Ministra non dixo nada diso. Podería haber unha intención de desprivatización da reserva -suprimindo ou modificando o Decreto de xestión de cota- que frearía o mercado de cotas e xeraría reserva para a redistribución, pero non o dixo. Así as cousas, o sector produtor semella non precisar de axu-

das, nin de reformas, nin de nada. Á nova Ministra bástalle coa ameaza de que non vai haber máis cota e, aínda que non se diga claramente, coa aplicación da mesma lexislación que impuxo o anterior Goberno, é dicir, que a Elena Espinosa

chégalle con aplicar a mesma política no sector lácteo que o PP. Esa é a impresión que nos deixou unha vez constatados os primeiros pasos dados polo novo Ministerio de Agricultura.

Por outra banda, e tamén nunha visita a Galicia, a Directora Xeral de Gandería, María Echevarría, falaba de que a reforma da Política Agraria Común (PAC) introducía dous temas estrela: o desenvolvemento rural e o desenvolvemento sustentábel, e que no curto prazo eses serían os dous aspectos fundamentais da súa política. A pesares do ben que soaba, tampouco nos deu pistas de cales eran os seus obxectivos nestes eidos. Se cadra, o que se pretende dende o Ministerio de Agricultura é que sigan a pechar as poucas explotacións que aínda quedan, en cuxo caso o estado actual das cousas é perfecto.

Parécenos, xa que logo, que o actual Ministerio de Elena Espinosa debe poñerse a actuar de inmediato se realmente pretende cumprir uns obxectivos e acadar unhas metas para este sector productivo que sexan diferentes ás pretendidas polo anterior Executivo. En caso contrario, todo seguirá como estaba. Ou, con toda probabilidade, aínda peor.

Pedirán a nulidade do xuízo da pataca se non se absolve a Puga

A xuíza impediu presentar probas determinantes contra a policía coma dúas testemuñas e un vídeo

Tres meses despois do aprazamento do xuízo que debía dilucidar responsabilidades na brutal represión da tractorada da pataca do 5 de febreiro de 2002, as partes litigantes puideron de-

clarar por fin o 24 de xuño. Nembar- gantes, e á espera do fallo, ao com- pañeiro Xosé Manuel Puga non lle permitiron presentar probas determi- nantes como dúas testemuñas e un

vídeo que rexistrou a violencia perpe- trada pola policía. De novo, boa parte do protagonismo foi para o cento de limiaos e limiás que acudiron a Ourense para arroupar a Puga.

O xuízo que levou ao estrado a algúns dos a- xentes de policía implica- dos na violencia contra a tractorada e a Xosé Manuel Puga comezou con máis dunha hora de atraso, ás 12.30, e esten- deuse ata ben entrada a tarde.

Antes de comparecer, a posición do Sindicato Labrego Galego era ben clara. En palabras de Afonso Grande Pérez, o avogado que defendeu a Xosé Manuel Puga, "de- nunciamos á policía por atentar contra dereitos fundamentais, por im- pedir o exercicio do derei- to de manifestación e por coaccións, agresións e de- tención ilegal realizadas sobre a persoa de Xosé Manuel Puga".

A versión da policía, que denunciou á súa vez a Xosé Manuel Puga por agresión, era ben distinta. A este respecto, Afonso Grande afirmou que "a subdelegación do Gober- no e as forzas dos corpos de seguridade denun-



Un cento de limiaos e limiás volveron viaxar a Ourense para apoiar a Xosé Manuel Puga

ciáronos por alteración da orde pública, manifestación ilegal, atentado contra a autoridade, etcétera. Pero nós consideramos as denuncias falsas".

Coas partes así en- frontadas, a palabra final de- bía tela a xuíza. Nembar-

gantes, tras varias horas de proceso, negóuselle o derei- to a testificar ás testemuñas traídas por Xosé Manuel Pu- ga para probar a súa versión dos feitos.

Por se fose pouco, a xuíza tampouco permitiu emitir o vídeo onde se podían ver as

agresións da policía. Isto causou estranxeza e malestar xa que, tanto as dúas teste- muñas coma o vídeo eran probas que foran aceptadas previamente no proceso.

O propio Xosé Manuel Pu- ga declaraba que "estivemos toda a mañá discutindo so-

bre os pormenores e au- toría dos feitos cando todo iso estaba perfectamente documentado con fotos, co vídeo, e coas testemuñas que levabamos. Pareceume sorprendente que a xuíza non aceptase ningunha das testemuñas que nos propuñamos para verificar o acontecido, nin o vídeo onde se podían ver todos eses detalles dos que es- tivemos discutindo du- rante a mañá. Eu creo que colleron medo co vídeo xa que, se cadra, ver as ima- xes obrigábaos a ir de cheo contra os policías ao co- rroborar que nos agre- diron e que deron paos a todo o mundo. Para min que preferiron curarse en saúde".

Diante disto, o avogado Afonso Grande mani- festou que "ou a xuíza dic- ta a absolución para Puga ou, pola contra, teremos que demandar a anulación do xuízo por non terse ad- mitido probas determi- nantes como as nosas testemuñas ou o vídeo que rexistra os feitos".

Un xuízo por faltas que determinará a legalidade do dereito á folga

Respecto á condena que acatar quen resulte culpa- ble, será bastante pequena, xa que a cuestión xurídica tivo un cambio importante no intre en que o xulgado derivou un xuízo por delicto a un xuízo por faltas, "desvirtuando a entidade dos feitos denunciados", en palabras de Afonso Grande.

Ao final, o xulgado deixou a denuncia do SLG nunha falta por lesións, e a denun- cia da policía nunha falta por desobediencia leve. Así, pode haber multas contra os imputados, pero non cadea.

Para Afonso Grande

"dende un punto de vista xurídico, isto é o que ten menor transcendencia. No fondo, o que estamos a de- batar son os límites e a preservación dos dereitos de folga e de manifestación. Precisamente, o que estaba a ocorrer co anterior Gober- no -agardemos que varíe con este- era unha utili- zación das forzas de orde público para impedir ese dereito de forma ilegal. Em- poriso, este xuízo pode ser un punto de inflexión para determinar se o exercicio do dereito de folga que fixemos era legal, e iso farase incluso

a través deste xuízo de fal- tas, que é menor pero que avala a nosa posición de que non estabamos a facer nada ilegal e de que, por parte de Xosé Manuel Puga, non houbo ningún tipo de agre- sión ou conduta ilícita".

O avogado do SLG, con estes antecedentes, pediu unha indemnización que cubra os días que tivo que deixar de traballar Xosé Manuel Puga por mor das lesións sufridas, conforme ao informe médico realiza- do no mesmo día das agre- sións, amais 1.200 euros por danos morais.



O avogado Afonso Grande, á dereita, foi o encargado de preparar a defensa de Puga e expoñela diante do tribunal

A Xunta propón unha Lei de Montes “totalmente lesiva” para o mancomún

ORGACMM afirma que cun regulamento así o mellor para os montes veciñais é seren excluídos del

A Organización Galega de Comunidades de Montes (ORGACMM), entidade que ten asinado un convenio de colaboración co SLG, vén de denunciar os aspectos tremendamente negativos para os montes mancomunados

que contén o borrador do anteproxecto da Lei de Montes de Galiza que presentou, recentemente, a Consellería de Medio Ambiente, e que asenta as bases para privatizar este tipo de propiedade colectiva.

ORGACMM agrupa en tres apartados as consecuencias negativas que a Lei de Montes da Xunta podería ter para o mancomún galego. Este anteproxecto pon as bases para eliminar a figura do monte mancomunado como propiedade de natureza especial, de carácter xermánico e titularidade veciñal. Para iso, no borrador da lei sitúa, con todas as consecuencias, aos montes veciñais no ámbito dos montes privados. Aos montes de man común conveniados ou consorciados non só lles usurpa a xestión, senón o poder de decisión dos donos das propiedades.

En segundo termo, para ORGACMM, o borrador do anteproxecto eleva a categoría de lei as incompetencias e incumprimentos da Administración Forestal Galega en materia de montes veciñais. Así, a Administración autoexclúese de facer deslindes de montes, ou loitar contra o lume e as pragas. É dicir, con esta Lei serán os veciños quen teñan que en-



De aplicarse, a Lei de Montes que pretende a Xunta só beneficiaría ás industrias madeireiras

cargarse destes labores, ou pagarlle unha taxa á Administración en caso de que se encargue das tarefas.

Finalmente, a Lei de Montes de Galiza proposta pola Xunta está deseñada para beneficiar ás industrias da madeira, pois só potencia a produción madeireira e

pon impedimentos para desenvolver outros aproveitamentos de tipo agrogandeiro nos montes veciñais.

A Organización Galega de Comunidades de Montes entende que o anteproxecto da Lei de Montes de Galiza é totalmente lesivo para a figura do monte veciñal e de

man común, polo que solicitou que non se faga ningunha referencia na nova lei a este tipo de propiedade mancomunada, pois é mellor seguir como ata o de agora cumprindo a actual Lei de Montes Veciñais ou elaborar un novo regulamento para eles.

O SLG e Asuntos Sociais asinan un convenio para prever os riscos laborais no agro

O Sindicato Labrego Galego asinou o pasado 8 de xuño, coa Consellería de Asuntos Sociais e outras organizacións agrarias, un convenio para realizar unha campaña de formación, información e sensibilización sobre a prevención de riscos laborais no agro galego.

Coa posta en marcha deste convenio, o SLG pretende dirixir esforzos de cara a mellorar as condicións de traballo dos labregos e labregas de Galicia, reducindo a sinistralidade no seu traballo, a través da realización de varios cursos de corenta horas de duración durante os meses do verán.

Nunha segunda fase, levaranse a cabo accións de información e sensibilización, amais de ofrecer o asesoramento de técnicos cualificados en seguridade e saúde laboral.

Dentro do programa formativo, ademais das materias comúns neste tipo de cursos, impartiranse as específicas do sector agropecuario, con apartados sobre os riscos con tractores e maquinaria agrícola; con axentes químicos como praguicidas ou produtos fitosanitarios e zosanitarios; ou con axentes biolóxicos.

Tamén se darán consellos para traballar en fosas sépticas e adegas, con motoseerras, ou en diversas instalacións gandeiras.

Ecoaga SL

Servicios Agrarios, Técnicos e Enxeñería

- ☞ Proxectos agrogandeiros e de desenvolvemento rural
- ☞ Proxectos e axudas para os montes
- ☞ Valoracións periciais e medicións de finca
- ☞ Traballos en viñedos (plantacións, podas, enxertas)
- ☞ Traballos en montes (cortas, desbroces podas, plantacións, peches, pastizais, etcétera)

Servizos e prezos especiais
para @s afiliad@s do
Sindicato Labrego Galego

Pregunte
orxamentos en
calquera oficina do SLG
ou chamando ao 619 348 426

O SLG acada que a Lei do Solo se adapte aos intereses labregos

A Consellería de Política Territorial aceptou boa parte das alegacións que o Sindicato Labrego propuxo

A Consellería de Política Territorial vén de reformar a polémica Lei do Solo co beneplácito das organizacións agrarias, que asinaron o seu acordo co texto o pasado 30 de xuño. O Sindicato

Labrego Galego tivo un papel fundamental nas negociacións, nas que estivo dende o comezo. Grazas ao SLG, levouse a cabo o proceso de regularización urbanística das instalacións

agropecuarias. Ademais, o Sindicato Labrego Galego aportou as principais modificacións que se van realizar na Lei do Solo en beneficio dos labregos e labregas de Galiza.

As modificacións realizadas na Lei do Solo grazas ás alegacións presentadas polo Sindicato Labrego son moitas. Tentaremos ver no presente texto as fundamentais.

Para empezar, o SLG conseguiu que se flexibilizase o artigo que obrigaba á utilización forzosa de certos materiais á hora construír casas, como tella ou pedra, tanto en solo rústico como nos núcleos rurais. Neste senso, aceptouse falar de "outros materiais respectuosos cos valores naturais, a paisaxe rural e as edificacións tradicionais do contorno".

Tamén acadou o Sindicato Labrego que se suprimise o artigo que obrigaba ás novas explotacións gandeiras sen base territorial a gardar distancias de mil metros respecto a asentamentos de poboación, e de 250 metros respecto da vivenda máis próxima.

As explotacións con base territorial debían respectar distancias de 200 metros respecto da vivenda máis achegada. Grazas ao SLG, agora os planeamentos urbanísticos municipais poderán modificar as distancias mínimas que deben respectar as explotacións gandeiras.

As explotacións sen licencia antes da lei poderán continuar

Outro cambio importante na lei é que as construcións e instalacións destinadas a explotacións agropecuarias existentes antes da entrada en vigor da Lei do Solo poderán manter a actividade aínda que non dispoñan de licencia urbanística. Deste xeito, estas explotacións, con licencia municipal, poderán realizar as obras de conservación e de reforma necesarias para o desenvolvemento da súa actividade.



Lidia Senra, xunto ao Conselleriro de Política Territorial, Núñez Feijóo, na sinatura dos acordos

A lei non afectará a invernadoiros desmontábeis para usos agrarios

A xeito de resume, vexamos agora outras modificacións introducidas na Lei do Solo en base ás alegacións presentadas polo Sindicato Labrego Galego:

■ Elimínase do artigo 9.2 da Lei o texto que dicía "Os propietarios de inmobles e edificacións en solo rústico e en solo de núcleo rural (...) estarán obrigados a realizar as obras necesarias para a protección do medio rural e ambiental".

■ A altura máxima das edificacións en solo rústico de protección forestal pasa de ser de 3'5 metros a 7.

■ En solo rústico, tratándose de explotacións gandeiras, a superficie máxima a ocupar pola edificación pasa do 20% ao 40%.

■ En relación aos invernadoiros, dise expresamente: "Permitirase a instalación de invernadoiros construídos con materiais lixeiros e facilmente desmontables con destino ao cultivo agrario e sen suxeición

a ningunha das condicións de edificación establecidas pola lei de ordenación urbanística".

■ O SLG tamén conseguiu flexibilizar as distancias en núcleos rurais, habilitándose ao planeamento urbanístico municipal para que decida o establecemento de distancias inferiores aos catro metros con respecto ao eixo dunha vía, e de tres metros a lindeiros.

■ Política Territorial aceptou a proposta do Sindicato Labrego de que a lei "contemple a posibilidade de que na área de expansión dalgún dos núcleos rurais se poidan construír instalacións de transformación ou servizos que axuden a dinamizar social ou economicamente o núcleo rural (por exemplo, nave para cooperativa, instalación de transformación de produtos agroalimentarios, serradoiro, etcétera) establecéndose o pertinente límite en canto a volume construtivo".

O medio rural beneficiado polo traballo do SLG e a actitude dialogante

A encargada de asinar a nova Lei do Solo reformada por parte do SLG foi a súa Secretaria Xeral, Lidia Senra, que a valorou de xeito positivo, xa que supón "a continuidade do proceso de diálogo que comezamos coa Consellería de Política Territorial, que tomou en consideración boa parte das nosas propostas".

Lidia Senra destacou dos trocos propiciados na Lei do Solo grazas ao traballo dos equipos técnicos do SLG que "permiten que, dentro da complexidade da propia Lei, se ocasionen a menor cantidade de problemas posible".

Outro aspecto importante das propostas do SLG admitidas foi "que este protocolo permita que siga habendo un instrumento de protección do solo agrario fronte aos usos urbanísticos".

Lonxe de darse por satisfeita, Lidia Senra apuntou o que vai ser o seguinte reto do Sindicato Labrego Galego con respecto ás explotacións agropecuarias de Galicia: "poñer en marcha as propostas para abordar a concesión da licencia de actividade".

Reivindicacións históricas

Tanto a regularización urbanística das construcións para fins agropecuarias, como a concesión da licencia de actividade, son reivindicacións históricas nas que o Sindicato Labrego Galego leva moitos anos traballando en solitario.

Lidia Senra pasará a formar parte, representando a Europa, da Comisión de Xénero deste movemento

A Vía Campesina renóvase para seguir na vangarda mundial da loita labrega

Cunha vibrante cerimonia, a noite do 14 de xuño o movemento internacional Vía Campesina deu comezo á súa cuarta Conferencia Internacional contando coa participación de máis de medio

millar de delegados e delegadas provenientes do meirande dos países do mundo. Entre eles, Lidia Senra e Xosé Ramón Cendán, do SLG, única organización galega participante neste evento

que se desenvolveu durante unha semana na localidade brasileira de Itaici, no estado de São Paulo. Previamente, houba senllas asembleas da mocidade e das mulleres da Vía Campesina.

A cuarta Conferencia Internacional da Vía Campesina celebrouse coa intención de debater e definir as súas estratexias fronte aos novos desafíos que o modelo neoliberal impón á pequena agricultura labregas e familiar.

Baseándose nestes piares, a axenda da Conferencia estivo baseada en tres eixes centrais: a soberanía alimentaria, a defensa das sementes, e a loita pola reforma agraria.

Entre os cambios organizativos, a parte da creación de novas comisións para cubrir sectores de acción que o necesitaban, destaca a rotación da Secretaría Operativa Internacional de Vía Campesina, que cruza o océano Pacífico para cambiar de América a Asia. Asemade, o indonesio Henri Saragui será o novo coordinador da Secretaría Operativa, en substitución do hondureño Rafael Alegría, que ocupou o cargo dende a fun-



Os labregos e labregas do Estado Español estiveron representados na cuarta Conferencia de Vía Campesina por membros de COAG, EHNE, SOC, Plataforma Rural e SLG.

dación do movemento.

No que respecta á participación dos nosos representantes, Lidia Senra e Xosé Ramón Cendán, cómpre

salientar que a Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego foi elixida -xunto a outras sete mulleres- para formar a Comisión Interna-

cional de Xénero de Vía Campesina. Senra representará a Europa nun órgano que terá por cometido facer avanzar as políticas de igual-

dade para as mulleres labregas e indíxenas de todo o mundo, tanto a nivel interno das organizacións agrarias como no eido das políticas de xénero.

Previamente, entre o 12 e o 13 de xuño, celebráronse a segunda Asemblea Internacional de Mulleres Rurais e a primeira Asemblea da Mocidade. Ambos eventos xeraron un espazo de debate e reflexión en torno ás temáticas que afectan ao agro nestes eidos.

A Asemblea de Mulleres reuniu a máis dun cento de labregas de 47 países, entre as que se atopaba a Secretaria Xeral do SLG, Lidia Senra.

A Asemblea da Mocidade, foi o primeiro encontro de xente nova en torno á Vía Campesina, e foi cualificado de "fito histórico dentro do proceso de articulación do movemento que xerou un espazo de solidariedade e de intercambio con mulleres e homes de 37 países".

Unha década exemplar de compromiso e protestas contra a globalización no agro

A idea de crear a Vía Campesina naceu en 1992 en Nicaragua, no marco dun congreso realizado pola Unión Nacional da Agricultura deste país. A intención era articular un movemento labrego internacional quen de facerlle unha oposición real ao sistema económico neoliberal. Daquela, países de Europa, O Caribe e América remataron por comprometerse en Bélxica a construír esa organización, que se constituiría como Vía Campesina o 16 de maio de 1993.

Á cabeza do movemento estaría durante esa década de vida Rafael Alegría, Secretario de Operacións da Vía Campesina ata esta cuarta

Conferencia. A primeira acción destacable do movemento tivo lugar en Marrocos, no transcurso dun encontro no que a Organización Mundial do Comercio pretendía comezar a controlar os mercados agrícolas internacionais.

Máis tarde, no marco da segunda Conferencia Internacional da Vía Campesina, en abril de 1996, institucionalizouse o Día Internacional da Loita Labrega en conmemoración dunha masacre sufrida polo Movemento dos Traballadores Rurais Sem Terra do Brasil (MST) que se saldou co asasinato de 19 labregos.

A terceira cita global da Vía Campesina tivo lugar en



O indonesio Henri Saragui é o novo coordinador da Secretaría Operativa de Vía Campesina

Bangalore (India), onde o debate virou en torno á construción de alianzas e a equidade de xénero, tendo como antecedente inmediato as destacadas accións levadas a cabo en Seattle a finais de novembro de 1999.

A última acción de importancia da Vía Campesina aconteceu diante do cumio que a OMC celebrou en Cancún en setembro de 2003, con multitude de manifestacións e protestas a escala mundial e a inmolación

do labrego coreano Lee Kyuonng Hae, que se suicidou para chamar a atención da opinión pública sobre a destrución do mundo rural e das comunidades labregas e indíxenas que está a acontecer en todo o mundo.

Oposición total ao neoliberalismo “que mata culturas, pobos e familias labregas”

A cuarta Conferencia Internacional da Vía Campesina serviu tamén para ratificar a oposición total ao modelo neoliberal “que mata e destrúe culturas, pobos e familias labregas no mundo enteiro. Dende este punto de vista, analizáronse os efectos perniciosos deste modelo neoliberal:

■ Desaparición alarmante de familias labregas. Cada minuto que pasa, as políticas agrícolas e o modelo de agricultura industrial provocan a desaparición dunha explotación labrega na Unión Europea ampliada. A situación é igualmente dramática en Canadá e Estados Unidos. En África, Asia, O Caribe e América Latina, habería que engadir a represión, os desprazamentos masivos e forzados, e as guerras abertas ou encubertas que sofren comunidades indíxenas e labregas.

■ Aumento de migracións forzadas pola guerra e pola miseria, pola concentración da terra e a destrución do medio ambiente.

■ O papel de gardiáns deste modelo neoliberal exerce o Fondo Monetario Internacional (FMI), o Banco Mundial (BM) e a Organización Mundial do Comercio (OMC). Agora, vense apoiados na súa tarefa por organismos como a Organización das Nacións Unidas (ONU), a UNCTAD e a FAO.

■ Os tratados de libre comercio estanse multiplicando, xunto a outros acordos internacionais que imponen a destrución dos principios básicos de protección a moitos dereitos humanos e sociais. Estes acordos só serven para maximizar os fabulosos beneficios das empresas transnacionais.

■ Aumento alarmante das violacións sistemáticas dos dereitos humanos, coa legalización das guerras contra os pobos, a criminalización das protestas e da mobilización social, o emprego crecente da represión preventiva, ou a proscripción do xeito de vi-



Lidia Senra e Xosé Ramón Cendán plantaron unha árbore, en representación de Galiza, no Bosque Internacional da Solidariedade (arriba) e participaron activamente nos debates (abaixo)

da labrego e indíxenas.

■ Acusada marxinação das mulleres e da mocidade, que son as vítimas principais dos

procesos de privatización dos servizos básicos, da concentración da terra, da destrución dos mercados e ali-

mentación locais, da explotación e do traballo escravo que imponen as transnacionais.

Un intenso calendario de mobilizacións previsto para o ano 2004

A Conferencia da Vía Campesina tamén serviu para fixar o calendario de accións a desenvolver durante o ano 2004. Sen case darmos tempo a respirar, as accións comezarán xa este mes:

■ 19 a 24 de xullo de 2004: Semana da loita contra a OMC e as transnacionais.

■ 10 de setembro: queda establecida esta data coma o Día das Loitas contra a OMC, en homenaxe ao compañeiro coreano Lee, que se quitou a vida no transcurso das protestas contra este organismo en Cancún no mes de setembro de 2002.

■ 25 de novembro de 2004: Coordinaranse diversas accións no Día Internacional da Loita contra a Violencia de Xénero.

■ 4 a 8 de decembro de 2004: Conferencia pola Reforma Agraria.

■ Asimesmo, haberá constantes chamamentos a diversas organizacións sociais a manterse mobilizadas para impedir a reunión ministerial da OMC en Hong Kong en xullo de 2005.

A agricultura como solución á fame, pobreza, desemprego e marxinação

Fronte ao terríbel panorama ao que deben enfrontarse os labregos e labregas de todo o mundo, a cuarta Conferencia da Vía Campesina afirmou que “a permanencia da agricultura labrega é fundamental para a eliminación da pobreza, da fame, do desemprego e da marxinação. Estamos convencidos de que a agricultura labrega é a peza fundamental da soberanía alimentaria, e a soberanía alimentaria é un proceso imprescindíbel para a existencia da agricultura labrega. E non haberá autonomía nin agricultura labrega se non mantemos as nosas propias sementes”.

Outra das vías de acción da Vía

Campesina será a de dar prioridade ao dereito dos labregos e labregas do mundo enteiro a esixir políticas públicas ao servizo dunha agricultura labrega sostíbel, continuando coa loita para acadar unha auténtica reforma agraria, defendendo explicitamente o devandito dereito á soberanía alimentaria e as sementes como patrimonio dos labregos e labregas.

Na Conferencia da Vía Campesina tamén se acordou a oposición total aos cultivos transxénicos, criticando o recente informe favorable da FAO a estes organismos manipulados, que foron cualificados como “tecnoloxía da morte”; así como o rexeitamento frontal ao neoliberalismo en xeral, e

ás políticas da OMC, do BM e do FMI, en particular; ou a loita contra as causas da migración e os seus efectos destrutivos.

Outro dos compromisos da Conferencia foi a redacción dunha Carta Internacional dos Dereitos Labregos. A declaración final remata dicindo que “Todos os participantes na cuarta Conferencia de Vía Campesina comprometémonos a seguir loitando polo benestar e a dignidade dos nosos pobos. Articularemos todas as loitas e construcións dende o local cara ao global, creando novas formas de alianzas que nos dean maior forza para esixir o respecto e protección dos nosos dereitos e culturas”.

Canadá condena a uns labregos que sufriron contaminación transxénica

A sentenza é un precedente perigoso ao dar unha vía de expansión ás industrias da manipulación xenética

O pasado 21 de maio, a Corte Suprema de Canadá dictou a sentenza final do caso Monsanto contra un matrimonio de labregos canadenses, Percy e Louise Schmeiser. Deste xeito, remata-

ba unha loita legal que durou oito anos por mor da acusación da transnacional de que estas persoas "violaran" unha patente de colza transxénica resistente ao herbicida

RoundUp. Un dato preocupante agora que nunha Unión Europea se vai autorizar o cultivo de transxénicos a pesares da división existente mesmo entre os países que acaban de integrarse.

As leiras dos Schmeiser contamináronse a través do pole traído polo vento e os insectos de fincas veciñas. A partir de aí, os despropósitos foron constantes. Non só non recibiron ningunha compensación por verse as súas terras contaminadas, senón que Monsanto esixiu-lles varios miles de dólares en concepto de dereitos por utilizar de xeito clandestino a colza transxénica rexistrada ao seu nome.

Por dúas veces, tribunais menores condenaron aos labregos porque, segundo a lei, deberían ter informado a Monsanto da existencia de plantas transxénicas nas leiras para que as retirase, pois en caso contrario considerárase que se estaban a aproveitar das plantas patentadas. A condena ascendía a 20.000 dólares en multas e dereitos, e 150.000 por gastos do xuízo (máis de 23 millóns de pesetas).

Agora, a Corte Suprema vén de ratificar a culpabilidade dos Schmeiser, por cinco votos contra catro, que afirmou na súa sentenza que a patente sobre os

xenes da colza manipulada é válida tamén para plantas contaminadas e que, polo tanto, os Schmeiser estaban a atentar contra o monopolio da multinacional.

A pesar de todo, este tribunal considerou que os Schmeiser non debían pagarlle nada a Monsanto por non ter tirado ningún proveito da colza transxénica, pois non utilizaron nunca o herbicida RoundUp.

Esta sentenza supón un precedente moi preocupante, pois calquera labrego ou labrega que padeza contaminación por transxénicos terá que render contas á empresa propietaria da patente do organismo manipulado. Mesmo se pode considerar que a contaminación pode ser, a partir de agora, un negocio redondo para as multinacionais da manipulación xenética para expandirse.

Un futuro negro para os labregos e labregas da Unión Europea, con leis que permiten a presenza "accidental" de sementes transxénicas en lotes convencionais.

Tolerancia cero para os inmigrantes, pero non para os transxénicos



Unha visión retranqueira da moratoria transxénica en Europa

O Goberno Grego destrúe sete leiras ilegais transxénicas

En canto ás novidades por países, destacou o descubrimento en Grecia de varias leiras de millo manipulado prohibido no país. Segundo parece, sete produtores da rexión de Trikala poderían ter empregado sementes de millo PR33R77 procedentes de Estados Unidos. As autoridades gregas ordenaron a inmediata destrución dos cultivos baixo a supervisión dun comité de agrónomos.

A Europa dos 25 dividida polos OXM

O máis destacable na actualidade dos transxénicos en Europa foi a división que existe sobre o tema nos novos dez países recentemente incorporados. Ocorreu na reunión de expertos dos 25 para debater a posíbel autorización da importación e transformación -non cultivo- da colza GT 73, comercializada por Monsanto e resistente ao seu herbicida Roundup Ready.

O encontro, celebrado o 16 de xuño, rematou coa oposición de Austria, Chipre, Dinamarca, Estonia, Grecia, Hungría, Italia, Lituania, Luxemburgo, Malta, Polonia e Reino Unido, que reuniron un total de 57 votos. Finalmente, abstivéronse Alemaña, España, Irlanda e Eslovenia, que xuntaron un total de 24 votos. O resto, con 43 votos, posicionouse a favor.

Guatemala ficou totalmente paralizada o pasado 11 de xuño por unha folga xeral auspiciada por unha ampla plataforma social formada por colectivos labregos, indíxenas e sindicais, que obrigaron ao Goberno a comprometerse, alomenos sobre o papel, a solucionar a problemática agraria no país.

A pesares das boas palabras, hai fondos problemas estruturais que van ter difícil solución. A guatemalteca é a sociedade máis desigual de América Latina, cunha oligarquía conformada por unha minoría crioula de orixe europea aliada do Goberno, ao que forza a legislar para manter os seus privilexios.

O outro grande problema é o da terra, e constitúe o centro neuráxico da pobreza neste país centroamericano. Aquí, como noutras nacións da América Latina, uns poucos son propietarios do

Unha folga xeral obriga ao Goberno de Guatemala a ouvir as demandas labregas

meirande das terras que, en moitas ocasións, non as utilizan para nada; fronte a millóns de labregos e labregas que pasan fame e necesidades e non posúen nin unha pequena leira para producir alimentos. E iso sen contar das carencias absolutas existentes no rural en eidos tan importantes como a educación, saúde, auga potable, enerxía eléctrica, vivenda ou infraestruturas.

Neste senso, o Goberno actual aplicou unha política claramente represora. En tan só cinco meses de mandato, o Presidente Óscar Berger

autorizou á policía e ao exército para desalojar violentamente 39 fincas ocupadas por labregos e labregas sen terras. Esta maneira de actuar reviviu a política de terra arrasada levada a cabo polo exército durante décadas de limpeza étnica e represión extrema que se saldou con máis de 200.000 mortos e 50.000 desaparecidos, o 83% dos cales eran da etnia maia.

O outro grande atranco ao desenvolvemento de Guatemala é o Tratado de Libre Comercio (TLC) asinado con Estados Unidos que vai ofre-

cer a prezo de saldo as colosais reservas de enerxía, auga e masa forestal. Ademais, o TLC abrirá as fronteiras aos grans transxénicos e subvencionados norteamericanos fronte aos cales non poderá competir a agricultura autóctona, o que aumentará a pobreza, fame e migración de comunidades labregas enteiras.

O xornalista Diego Jiménez escribía, respecto da folga, "Colonización, intervención norteamericana, represión, masacres, humillacións... conforman esa estraña mestura de medo ancestral. E rabia contida que guía os pasos de decenas de miles de labregos e indíxenas que hoxe, nunha evocación de loitas repetidas durante máis de cincocentos anos, ocupan de novo unha capital adurmiñada entre a inconsciencia pasiva ou o descoñecemento activo".

3.800 persoas poderían ser portadoras do mal das vacas tolas en Gran Bretaña

As vítimas mortais da enfermidade de Creutzfeldt Jakob ascenden xa a 141, 18 delas finadas no 2003

Un estudio médico realizado no Creutzfeldt Jakob, a forma humana do mal das vacas tolas, que xa tivo a primeira vítima en Estados Unidos. O preocupante panorama da seguridade alimentaria da Unión Europea com- plétase este mes co descubrimento de comida para cans en alimentos humanos en Holanda e Bélxica, ou as 21 vacas afectadas por unha enfermidade nerviosa mortal descoñecida.

Un estudio realizado por científicos británicos, que analizaron mostras de 12.674 amígdalas ou apéndices extraídos en operacións de rutina, descubriu tres casos nos que había presenza da forma humana do mal das vacas tolas. Se extrapolamos estes positivos ao conxunto da poboación británica, o resultado indica que unhas 3.800 persoas poderían estar afectadas por esta nova variante da enfermidade de Creutzfeldt Jakob en Gran Bretaña.

Para estes investigadores, estes datos indican que a doenza non está en regresión, e que pode haber moita xente portadora da enfermidade sen desenvolver os síntomas. O perigo disto reside, ademais das consecuencias que poidan sufrir os afectados, no enorme risco de contaxio a través de instrumental cirúrxico, transfusións de sangue ou doazón de órganos.

Polo de agora, o mal das vacas tolas xa se cobrou en Gran Bretaña 141 vítimas humanas, das cales 18 finaron ao longo do ano 2003.

Novas enfermidades descoñecidas no gando

Outro caso que espertou a alarma no Reino Unido foi a morte dunha xovenca, hai un par de meses, a causa dunha enfermidade nerviosa descoñecida. Esta nova doenza afectou á materia branca do cerebro do animal, provocoulle unha parálise de case unha semana e causoulle, finalmente, a morte.

A raíz da nova, sóbouse que os casos de animais afectados por esta estraña doenza ascende a 21 nos últimos dez anos. Aínda que as autoridades británicas pretenden acalmar á poboación afirmando que os animais non entraron na cadea alimentaria e que non hai evidencias de riscos para os humanos, cómpre



Tras de cada unha das mortes polo mal das vacas tolas hai unha familia desfeita polo sufrimento e a dor

lembrar que o mal das vacas tolas detectouse a finais dos anos oitenta e que, ata 1996, o Goberno non admitiu a posibilidade dunha relación entre esa enfermidade e a súa versión humana, o mal de Creutzfeldt Jakob.

Asemade, produciuse o pasado 20 de xuño a morte da primeira vítima do mal

das vacas tolas en Estados Unidos. Charlene Singh, unha moza de 25 anos que residía en Florida, faleceu despois de que lle fose diagnosticada, hai dous anos, a enfermidade de Creutzfeldt Jakob que, segundo parece, contraeu hai máis dunha década cando residía xunto á súa familia en Gran Bretaña.

Comida para cadelos en alimentos con destino humano nos Países Baixos

Unha compañía cárnica belga que operaba baixo as marcas CSFF e Delirein vén de ser suspendida nas súas actividades tras serlle retiradas as súas licencias de operacións pola Autoridade Alimentaria Holandesa (Voedsel en Waren Autoriteit) e a Axencia Alimentaria Belga (AFSCA).

O motivo da suspensión obedeceu a que a compañía cárnica producía alimentos para destino humano, como salchichas e hamburguesas de polo, que contiñan alimento para cans nos seus ingredientes. A empresa ten a sede en Stekene (Flandes Oriental) e fabricaba produtos sen marca que vendía directamente a restaurantes.

COAG reclama á Ministra de Agricultura medidas para frear a perda de emprego no agro

A Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG), coa que o SLG ten asinado un convenio de colaboración, xa se reuniu coa Ministra de Agricultura, Elena Espinosa, para poñerlle enriba da mesa temas relacionados co agro que esixen unha solución urxente. Entre eles, a posta en marcha dunha Lei de Agricultura e Desenvolvemento Rural, a creación dun gasóleo profesional, ou a supresión da Lei de Arrendamentos Rústicos.

A Comisión Executiva da COAG reuniuse o pasado 9 de xuño coa nova Ministra de Agricultura, Elena Es-

pinosa. Neste primeiro encontro, a directiva de COAG reclamou a posta en marcha de políticas dirixidas a frear a destrución do emprego na agricultura e o éxodo no medio rural, algo para o que é fundamental que se dea prioridade ás axudas aos labregos e labregas a título principal.

Ademais, os máximos responsábeis desta organización agraria, reclamaron que o sector necesita unha Lei de Agricultura e Desenvolvemento Rural, así como medidas para garantir o mantemento das rendas dos labregos e labregas diante da aplicación da reforma da



COAG reivindicou ante a Ministra de Agricultura solucións ás asignaturas pendentes do agro

Política Agraria Común (PAC) en 2006.

COAG demandou o cumprimento da promesa electoral do PSOE no sentido de derogar a actual Lei de

Arrendamentos Rústicos, trocos que se anunciaron semanas atrás e que aínda non se produciron, por considerala nefasta para o sector. Tampouco esqueceron temas

importantes como a reforma do Réxime Especial Agrario da Seguridade Social.

Finalmente, COAG solicitou que se garanta unha vía de diálogo permanente.

Resposta tímida do Servizo Galego de Igualdade ante os problemas das labregas

Só unhas poucas das demandas feitas pola Secretaría da Muller serán solucionadas pola Xunta

O pasado 16 de marzo, a responsábel da Secretaría da Muller do SLG, Isabel Vilalba, e Marisol García, tiveron unha reunión coa directora xeral do Servizo Galego de Igualdade

(SGI), Marta González, para transmitirle un cadro reivindicativo coas principais demandas das labregas galegas. Tres meses despois, a resposta da Xunta deixa un sabor agridoce,

pois xa se está traballando nalgunha das propostas, pero elúdense outras. De todos xeitos, o interese demostrado polo SGI e o feito de dar este primeiro paso foi valorado dun xeito positivo.

O informe de resposta ás propostas da Secretaría da Muller do Sindicato Labrego Galego despachou unha serie de demandas como a aplicación dun enfoque de xénero na prevención de riscos laborais relacionados coa agricultura, ou a inclusión de mulleres nos grupos de poboación sobre os que se realizan as probas de toxicidade dos produtos fitosanitarios, dicindo que "a prevención dos riscos da saúde das traballadoras e a prevención da súa saúde corresponde ao empresario".

Idéntica resposta obtiveron reivindicacións como ter en conta os posibles efectos que os pesticidas teñen sobre o sistema hormonal das labregas, prevención dos danos nos fetos producidos por substancias teratoxénicas e mutaxénicas, ou prevención do cancro de útero. Neste caso, serían tamén os empresarios os responsábeis da vixilancia da saúde das traballadoras embarazadas ou en período de lactancia.

Esta resposta foi considerada como "preocupante" por Isabel Vilalba, pois demostra un escaso coñecemento da realidade agraria galega, pois os labregos e labregas non traballan para empresarios nin eles teñen esa consideración. Para Vilalba, debe ser responsabilidade da Administración informar sobre os efectos que os fitosanitarios poden ter en mulleres embarazadas, algo do que nin sequera se informa no etiquetado.

Nas propostas da Secretaría da Muller do SLG tamén se incluían varias referentes ás enfermidades laborais propias das labregas, pedindo o seu recoñecemento a todos os niveis, incluído diante dos tribunais médicos que teñen



O encontro entre o SLG e o SGI foi un primeiro paso para solucionar os problemas das labregas

que informar para que as afectadas reciban compensacións. Neste caso, o Servizo Galego de Igualdade obvia a petición dicindo que é competencia do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS).

Para a Secretaría da Muller do SLG isto non é suficiente, que non discute que sexa competencia da Seguridade Social.

O que si salienta é que existe unha predisposición das mutuas privadas e do INSS

á hora de minusvalorar o traballo das labregas, que o consideran como unha extensión das tarefas domésticas, polo que non se contemplan indemnizacións por baixas das que si se beneficiarían outros sectores.

O Plan de Saúde e os estudos estatísticos son a parte positiva

A Secretaría da Muller do SLG considerou como partes máis positivas do informe as liñas do Plan de Saúde 2002 - 2005 que afectarán ao medio rural, como ampliar a cobertura xeográfica dos tratamentos en interrupcións voluntarias do embarazo, ou a reestructuración do corpo de matronas co incremento de prazas nos centros de saúde.

Outro dos datos positivos do informe é que Sanidade está traballando na elaboración dunha base de datos estatísticos da que se poderá tirar información sobre os riscos que leva canda si a actividade agraria na saúde das mulleres. Neste senso, o Ministerio de Sanidade está a desenvolver o Sistema de Información en Saúde Laboral (SISAL).

Sen solucións para a escasa cobertura en pediatria e servizos xeriátricos

Outro apartado amplo de demandas era o que agrupaba ás que tiñan que ver coa creación e ampliación de servizos sanitarios específicos para as mulleres do rural. Aquí incluíanse a creación de postos de matronas nos centros de saúde; atención integral do embarazo, parto e puerperio; información e atención específica sobre interrupcións voluntarias do embarazo, cobertura sanitaria universal de calidade á poboación feminina, ou creación de novos servizos xeriátricos e de pediatria.

Neste caso, a resposta do Servizo Galego de Igualdade consistiu simplemente en gabar as accións que a Xunta e o Servizo Galego de Saúde están desenvolvendo nestes eidos.

Para Isabel Vilalba, o feito recoñecido de que só haxa dous centros xeriátricos para toda Galiza demostra a falta de cobertura deste tipo de servizos, que non existen no rural.

En canto á pediatria, o dato de que temos un profesional por cada 1.200 nenos podería ser positivo en ámbitos xeográficos concentrados. Sen embargo, no medio rural galego, coa dispersión poboacional, non é o mesmo. Vilalba puxo o exemplo de A Mariña, onde un so pediatra atende en Ribadeo, Lourenzá, Trabada, Barreiros e Mondoñedo. Tamén recordou que a proporción de profesionais tamén se amosa insuficiente se pensamos na cantidade de coidados e consultas que necesitan os

nenos e nenas en idades tempranas.

Vilalba lembrou a existencia de listas de espera interminábeis, no eido sanitario, que obrigan a moitas afiliadas á Seguridade Social a recorrer á sanidade privada para solucionar o que non lles resolve a pública.

A responsábel da Secretaría da Muller tampouco ficou satisfeita coa resposta dada no tema da violencia de xénero, pois aínda que se están levando adiante actuacións, aínda existe unha grande falta de recursos nos concellos, onde case non hai saídas laborais nin de vivenda para as mulleres maltratadas. Vilalba concluíu, non obstante, en que as liñas de actuación desenvoltas pola Xunta acaden axiña os seus froitos.

A última xornada de gando ecolóxico centrouse en alimentación animal

As visitas e debates tiveron lugar en torno a unha explotación de carne ecolóxica no municipio de Riós

Na quinta xornada de gandería ecolóxica, celebrada en Meira, estudiáronse os custos de produción do leite ecolóxico e estratexias de alimentación neste eido. A seguinte xornada debía coller, pois, o mesmo camiño e cen-

Esta xornada merece unha mención especial dentro das actividades do SLG en canto á produción de gando ecolóxico. Primeiro, pola explotación que se visitou, situada en Riós, e cunhas condicións óptimas para facer unha carne ecolóxica de moita calidade: entre trinta e corenta hectáreas de terra todas xuntas nunha finca. normal na Galicia.

Ademais, a xornada tivo grande interese polos debates que se deron, xa dende o comezo da mañá. Falouse, entre outras cousas, da conveniencia de dar penso ecolóxico. Diante do muíño de cereal para facer a mestura para os animais disertouse sobre os

distintos tipos de mercado que ten a carne ecolóxica, e como isto inflúe na alimentación que lle temos que dar ao gando.

Os produtores e a produtora asistentes, que levan xa moitos anos traballando no eido ecolóxico, tiveron unha rica discusión na que tocaron aspectos dos seu oficio como se a carne é máis dura sen penso ou máis escura, a influencia que ten a raza do animal, e da aceptación deste tipo de carne entre no mercado. Aproveitando un percorrido pola granxa, falouse de temas máis técnicos, como o tipo de alimentación para os animais, tratamentos veterinarios, etcétera.

trarse no debate sobre a alimentación en gando de carne ecolóxica. E así se fixo, a pesar do pouco axeitada que era a data, en plena recollida de herba. Nembargantes, a asistencia foi moito maior da habitual.



A explotación visitada en Riós, con hectáreas de pastos naturais e gando de razas autóctonas, serviu de exemplo do bo facer ecolóxico

As dificultades da venda e as solucións para comercializar

Despois do xantar, continuouse co debate da mañá dun xeito máis ordenado, nesta ocasión moi orientado de cara ás condicións actuais de Biocoop, a cooperativa de gando ecolóxico de Verín. Isto serviu para falar das dificultades que hai na produción da carne ecolóxica e na súa comercialización, e para ver qué solucións existen para superar estes atrancos.

Neste senso, comparouse o sistema de venda directa e con relación cos consumidores, con sistemas a escala maior e con outro tipo de consumidores menos "conscientes". Ou sexa, o mesmo tipo de debate que xa se deu con outras producións e que, dende o SLG, agárdase que sirva para que os asistentes poidan decidir con maior coñecemento qué vía se adapta máis ás súas condicións e intereses.

3 A horta

Neste Fouce publicamos a terceira entrega dos textos dedicados a informar sobre os detalles que cómpre ter en conta á hora de realizar a transición dunha explotación agropecuaria de cara a un sistema de produción ecolóxica. Nesta ocasión, tócalles o turno á horta e contamos coa colaboración e experiencia de Eloi Davila e Pilar Penín.

Para afrontar o proceso de reconversión dunha explotación hortícola cara a un xeito de produción ecolóxico, o máis importante é o labrego ou labrega e as razóns que lle levaron a facer agricultura ecolóxica. Cómpre ter en conta que as técnicas que se aplican non son receitas, senón que cada labrego terá que adaptarse ás súas condicións particulares.

No período de transición para acadar que a nosa horta poida producir cun método ecolóxico, todos os esforzos teñen que ir dirixidos a devolverlle a vida ao solo, a aumentar a súa fertilidade. Deste xeito, deberemos potenciar a fertilidade coas maneiras de labrar, co abonado orgánico,

co, coa rotación e asociación de cultivos, instalación de sebes, etcétera.

A fertilidade depende dos microorganismos edáficos, que son os que proporcionan unha alimentación equilibrada ás plantas. Estas vense gravemente afectadas polo uso de abonos químicos, insecticidas, fungicidas, etcétera, polo que resulta máis complicada a reconversión a un modo ecolóxico canto máis se abusou deste tipo de substancias.

Nestes primeiros anos poden xurdir problemas nos cultivos, precisamente, pola falta de equilibrio nas plantas, e tamén pola falta de experiencia do labrego ou da labrega nesta forma de traballar. É moi impor-

tante para superar este momento que se teña moi claro que estamos ante un obxectivo a longo prazo.

Para tentar minimizar estes problemas deberemos utilizar sementes autóctonas

adaptadas ás condicións particulares de cada zona, pois así, de xeito natural, as plantas serán máis resistentes ás pragas e ás enfermidades.

Aplicando as técnicas da agricultura ecolóxica, dende o primeiro intre, imos notar como as terras van ir mellorando, e que os produtos da nosa horta van saír cada vez máis sans e máis saborosos.

En canto á comercialización, vai ser o propio labrego ou labrega quen deberá implicarse na creación de canles comer-

ciais, e de establecer relacións de confianza cos seus clientes baseadas no coñecemento e colaboración mutuas.

En caso de inscribirse no Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galiza (Craega), para obter a certificación é necesario pasar por un período de reconversión que será como mínimo dun ano, podendo aumentar este tempo en función do criterio do propio consello. No caso de Galiza, non existe certificación para ese período de conversión.

As vantaxes da horticultura ecolóxica

Os labregos que desexen dar o paso á agricultura ecolóxica deben ser conscientes das dificultades coas que se poderán atopar, pero tamén dos aspectos positivos da súa decisión. Respecto disto último, cómpre destacar entre as vantaxes da produción de horta ecolóxica:

- Vivir nun ambiente máis san, libre da contaminación e posíbeis intoxicacións producidas por pesticidas, herbicidas, etcétera.
- Obtención de alimentos sans e saborosos.
- Ter a posibilidade de pechar os ciclos

dentro da propia finca, reducindo moito as dependencias con respecto ao exterior.

■ Estarmos colaborando co noso traballo ao mantemento da paisaxe e ao coidado do entorno e do patrimonio xenético.

■ Contribuír ao aforro enerxético na produción de alimentos.

■ Construír a base para poder levar unha vida autosuficiente.

Postos na balanza, pensamos que os aspectos positivos da produción hortícola con métodos ecolóxicos teñen moito máis peso que os problemas cos que nos podemos atopar.

Axudas a parceiros e arrendatarios para acceder á propiedade

Orde do 24 de maio de 2004 pola que se regulan axudas para parceiros e arrendatarios de predios rústicos que exerzan o dereito á propiedade por aplicación da Lei 3/1993, do 16 de abril, relativa ás parcelas e arrendamentos rústicos históricos de Galiza.

Os parceiros e arrendatarios de predios rústicos a que se refire a Lei 3/1993, do 16 de abril, que comunicaron a súa intención de exercer o dereito de acceso á propiedade, poderán acollerse ás axudas que establece o Decreto 381/1998, do 29 de decembro, no cal se recollen os tipos de axuda, criterios de prioridade establecidos no seu artigo 5, tramitación e formalización das ditas axudas.

O prazo de presentación de solicitudes terminará o

31 de agosto deste ano 2004.

As subvencións consideradas nesta orde faranse efectivas con cargo á aplicación da partida contemplada en concepto de axudas para adquisición de terras procedentes de arrendamentos históricos dos orzamentos xerais da Comunidade de Galiza para 2004, dotada cun crédito de 180.000 euros.

O solicitante poderá acudir á Axencia Estatal da Administración Tributaria e á Consellería de Economía e Facenda para solicitar a expedición dos certificados acreditativos de atoparse ao día das súas obrigas tributarias e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galiza

Axudas de fomento ao asociacionismo agrario e redimensionamento empresarial das asociacións agrarias de Galiza

Orde do 8 de xuño de 2004 pola que se modifican as bases reguladoras das axudas para fomentar o asociacionismo agrario e o redimensionamento empresarial das entidades asociativas agrarias en Galicia, e se convocan as axudas para o ano 2004.

As solicitudes de axuda presentaranse segundo o establecido no artigo 6º da Orde

do 14 de agosto de 2002, xunto coa documentación que se detalla no seu artigo 8º, así como de conformidade coa redacción dada por esta orde.

Para o ano 2004, o prazo de presentación das solicitudes de axuda remata o 26 de xullo. Se desexan máis información poden consultar en calquera oficina do SLG.

Axudas para fomentar o asociacionismo na utilización de maquinaria agrícola

Orde do 3 de xuño de 2004, publicada no DOG o 9 de xuño, pola que se modifican as bases reguladoras das axudas para o fomento do asociacionismo na utilización de maquinaria agrícola en Galiza e se convocan as axudas para o ano 2004.

As solicitudes de axuda presentaranse segundo o establecido no artigo 9º da Orde do 18 de xullo de 2002, xunto coa documentación que se detalla no seu artigo 11, así como de conformidade coa redacción dada por esta orde.

Para a presentación da solicitude de axuda

deberase utilizar o modelo que se xunta a esta orde, que se compón dos seguintes anexos:

-Anexo I: instancia de solicitude.

-Anexo II: relación das liñas de axuda solicitadas.

-Anexo III: relación da documentación presentada.

O prazo de presentación das solicitudes rematará o vindeiro 19 de xullo de 2004. Se están afiliados e desexan máis información, poden dirixirse á súa oficina do Sindicato Labrego Galego máis achegada.

Axudas para paliar os danos do lobo sobre o gando

Poderán beneficiarse destas axudas propietarios de reses saneadas das especies bovina, ovina e caprina, que estean cercadas ou protexidas por medio de pastores ou doutros medios que permitan o control do gando. O gando haberá de estar identificado.

Serán actuacións subvencionables os danos que se produzan como consecuencia dos ataques dos lobos entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro de 2004.

O prazo de presentación de solicitudes rematará o 9 de novembro de 2004.

As solicitudes deberán formalizarse no prazo máximo de 40 días naturais contados a partir do día seguinte ó da produción do ataque do lobo, agás naqueles supostos nos que o dano se tivese producido entre o 1 de xaneiro e a data da publicación desta orde no DOG, nos que o devandito prazo se contará a partir do día seguinte ó da referida publicación.

Axudas para as agrupacións de produtores de pataca

Orde do 4 de maio de 2004 pola que se convocan para o ano 2004 o recoñecemento das agrupacións de produtores de pataca de consumo e as axudas para o seu fomento en Galiza. Esta orde ten por obxecto convocar para o 2004, o recoñecemento das agrupacións de produtores de patacas de consumo, non

destinadas á industria feculeira, e as axudas para o seu fomento e apoio.

As solicitudes de axudas para a constitución e o funcionamento das agrupacións de produtores de patacas de consumo, así como para mellorar as súas estruturas produtivas e comerciais, poderanse presentar ata o 31 de xullo.

¡Afílitate ao SLG!



Rúa de Touro nº 21º, 2º
Santiago de Compostela

Sector:

☐ Leite ☐ Carne ☐ Queixo ☐ Horta ☐ Flor ☐ Forestal ☐ Ovino ☐ Coellos ☐ Viño

Nome e apelidos:..... NIF:

Enderezo:.....

Tlf:..... Concello:..... C.P:.....

Domiciliación de pagos de cotas

Sr. Director do banco ou caixa: Prégolle que tome nota, ata novo aviso, de adeudar na miña conta con esa entidade os recibos que ao meu nome serán presentados para o cobro polo Sindicato Labrego Galego.

Banco / Caixa de Aforros:..... Conta / Libreta:.....

Titular da conta ou libreta:.....

Nº de sucursal:..... Poboación:..... Provincia:.....

Atentamente (sinatura)

Data

Axudas ás producións agropecuarias compatíbeis co medio ambiente

Orde do 11 de xuño de 2004 pola que se modifican as bases reguladoras das axudas para a utilización de métodos de produción agraria compatibles co ambiente e se convocan para o ano 2004.

Para poder acceder ás distintas liñas de axuda previstas no artigo 1º da Orde do 23 de agosto de 2002 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a utilización de métodos de produción agraria compatibles co ambiente en Galicia, os beneficiarios deberán cumprir os requisitos establecidos para cada unha das seccións, conforme o previsto nos títulos I e II da dita orde. No número 210 de Fouce (maio de 2003) deuse cumprida información sobre estes detalles, aínda que cómpre ter en conta que para o ano 2004 introducíronse algunhas modificacións leves.

O prazo para presentar as solicitudes remata o 27 de xullo de 2004.

Os interesados presentarán a solicitude inicial de axuda ou as solicitudes anuais de pagamento, axustadas aos modelos e coa documentación establecida en cada caso, conforme se establece nas bases reguladoras establecidas na Orde do 23 de agosto de 2002.

Axudas para a mellora da calidade do leite

Orde do 3 de xuño pola que se convocan para o ano 2004 axudas ao financiamento de accións de asesoramento para a mellora da calidade do leite producido e recollido nas explotacións.

O obxecto da orde é convocar para o ano 2004, as axudas destinadas a prestar apoio técnico ao sector produtor de leite para mellorar o control e a calidade do leite producido e recollido nas explotacións, de acordo coas bases reguladoras previstas no Real decreto 460/2002, do 24 de maio.

O apoio técnico realizarase a través de programas que teñan por finalidade mellorar o cumprimento das exixencias establecidas no anexo A do Real decreto 1679/1994, do 22 de xullo, polo que se establecen as condicións sanitarias aplicables á produción e comercialización de leite cru, leite tratado termicamente e produtos lácteos.

Os programas terán por obxecto o fomento da mellora da calidade do leite nas explotacións mediante a adecuación de

parámetros que incidan nas condicións de produción, obtención, almacenamento e transporte do leite, que determinen avances en todos ou nalgún dos seguintes aspectos: Melloras no recuento total de bacterias e células somáticas; adecuación e limpeza de instalacións e equipamentos; mellora das condicións hixiénicas das explotacións; rutina de muxido e manipulación do leite; mellora das condicións sanitarias do gando existente na explotación: prevención e control de enfermidades, en especial de mamite; prevención e control de residuos de medicamentos e hormonais; melloras nos parámetros mínimos físicoquímicos; establecemento de sistema de manexo e control que permitan reducir o risco de que o leite supere os límites legais de calidade hixiénico-sanitaria desde a súa obtención ata a súa descarga nos centros de recollida.

O prazo remata o 14 de xullo. Se desexan máis información, poden solicitala en calquera oficina do SLG.

Indemnizacións por sacrificio obrigatorio de animais por enfermidade e compensacións polo lucro cesante

Dúas ordes de Política Agroalimentaria regulan as indemnizacións por sacrificios obrigatorios de animais e as compensacións económicas por lucro cesante motivado pola inactividade producida ao decretar o baleiro sanitario pola presenza de enfermidades sometidas a un programa oficial de erradicación da brucelose, da tuberculose ou das encefalopatías esponxiformes bovinas.

A contía destas axudas variará, nun caso

dependendo do número de animais sacrificados e do seu valor segundo o baremo oficial e, no caso da paralización e baleiro sanitario, será en función dos datos productivos declarados oficialmente.

O prazo para solicitar este tipo de axudas rematará o 20 de novembro de 2004. As persoas interesadas en recibir información, poden realizar a súa consulta en calquera oficina do SLG.

Prima especial de vacún e por sacrificio de gando

■ As solicitudes de prima especial de vacún poderanse presentar desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2004.

■ As solicitudes de primas ao sacrificio de vacún, poderanse presentar dentro

dos catro meses seguintes á data do sacrificio de cada animal e, en todo caso, nos seguintes períodos: do 1 ao 30 de xuño de 2004, do 1 ao 30 de setembro de 2004, e do 1 de decembro de 2004 ao 15 de xaneiro de 2005.

Compra - Venda - Troco			
VENTAS			COMPRAS
Véndese remolque mesturador con fresa. Capacidade de 12'5 metros cúbicos, semínovo e garantido. Chamar ao 981 687102.	Véndese tractor con apeiros PASCUALI 463, de 45 CV e con apeiros. Chamar ao 669 442 067	Véndese coche Renault 4, matrícula LU 9810 K. Bo uso. Chamar ao 982 179 413 polas noites.	Véndese autocargador CAMPEVA de 18 metros cúbicos. Teléfono 982 162 844.
Véndese tractor LANDINI BRIZA 95, con 1.600 horas. Preguntar por Antonio no teléfono 982 313 115	Véndese dous tractores JOHN DEERE, modelos 2140 e 1020. Chamar ao 981 787 639.	Véndese remolque de coche de 2'5 x 1'2 metros, con dous eixes e freo de inercia. Autocargador Teléfono 626 344 402	Véndese dúas xovencas de raza frisona con carta e próximas ao parto. Chamar ao 981 788 210
Véndese autocargador con rotativa MORRAM, automático, de 18 metros cúbicos. Dous angazos, un de espelir e outro de xuntar, marca CUN Chamar ao 981 670 725	Véndese explotación de ovellas. Preguntar por Xosefa ou Manuel nos teléfonos 988 419 112 ou no 988 419 035	Véndese empacadora moderna con encarte. Preguntar por Manuel Ramos no 988 465 562 ou no 988 406 293	Véndese casas de pedra labrada en Abadín (Lugo) Chamar ao 982 178 976
Véndese sistema de rego, motobomba, tubos, aspersores e mangueiras. Chamar a partir das 22.00 horas ao teléfono 981 896 668	Véndese cuba de fibra de 28.000 litros. Preguntar por Xesús no teléfono 981 787 551	Véndese autocargador FORT de 22 metros cúbicos. Segadora BCS, encendido electrónico. Ensiladora de un rego con dúas campañas de traballo. Sementadora de herba, marca FIONA, en bo estado. Chamar ao 659 659 418	Véndese 300.000 quilos de millo ensilado de boa calidade. Motores de rego, canóns e tubos de 3" Ensiladora de millo CLASS JAGUAR 25 de suco. Chamar aos teléfonos 988454227 ou 666 396 285
	Véndese cisterna de purín de 2.500 litros. Chamar ao 677 461 844		Mércase rabaño de cabuxas ou de cabuxiñas de recría. Chamar a Fermín ao teléfono 679 290 628
			Mércase vacas de carne. Preguntar por Gonzalo no 982 164 022 (de 13.00 a 14.00 horas)
			OUTROS
			Búscase soci@ ou arréndase explotación de carne de vacún coas instalacións completas e en plena produción. 250 ferrados de pradería en tres fincas adxacentes, a 5 quilómetros de Lalín. As persoas interesadas poden chamar ao 677 461 844



Xosé Ramón Cendán, membro da Executiva da Coordinadora Labrega Europea e do SLG

Xosé Ramón Cendán traballa para o SLG dende 1977, case tres décadas nas que ocupou todo tipo de responsabilidades -dende comunicación a relacións institucionais- combinadas sempre co traballo de base. Actualmente, leva varios anos centrado no eido das relacións internacionais, ocupación que lle acae por ser membro da Executiva da Coordinadora Labrega Europea. Cendán é, xa que logo, un inmejorable interlocutor para aclararnos os pormenores de dous acontecementos recentes: a ampliación da Unión Europea e a Conferencia Internacional da Vía Campesina.

“Os novos países da UE sufrirán un descenso brutal de explotacións peor que o de Galiza”

■ **Recentemente, a Unión Europea ampliouse con dez novas incorporacións. ¿Cómo vai afectar isto á agricultura galega?**

Cómpre aclarar que a Política Agraria Común (PAC) está deseñada para cumprir unha función de subministro de materia prima a baixo prezo para as industrias. Os principais problemas, polo tanto, non son os da ampliación, senón os da propia PAC, que está orientada a acadar o menor prezo posíbel para as materias primas, proveñan de onde proveñan, para que as grandes empresas e agronegocios teñan unha marxe moi ampla de ganancias. É dicir, a PAC procura converter á agricultura, única e exclusivamente, nun negocio. Ese é o problema.

Os países que formaban parte dos Quince non ven tanto nas novas incorporacións unha zona productiva, senón que consideran aos novos socios como unha



Xosé Ramón Cendán forma parte da Executiva da Coordinadora Labrega Europea dende o ano 2001

mera ampliación dos seus mercados. Iso foi, precisamente, o que aconteceu con Galiza cando entramos na Unión Europea. Dende logo, quen máis sofre é o país que entra, aínda que poidan existir temas colaterais coma os prezos, que nos países do

leste son máis baixos e poderán afectar ás explotacións galegas.

■ **¿Cal é a posición do SLG diante desta ampliación?**

O Sindicato Labrego non está nin a favor nin en contra desta ampliación. O SLG está en contra das condicións

en que se fai a ampliación. Pensemos en que aos produtores e produtoras destes novos países se lles van impoñer as mesmas obrigas que ao resto de membros da Unión Europea e, nembargantes, non van ter os mesmos dereitos ata que pasen

uns anos.

■ **¿Como pensa que afectará a PAC a estes países?**

Do mesmo xeito que a Galiza cando entramos na Unión Europea. Os primeiros anos servirán para ver as posibilidades e, a partir de aí, haberá un grande número de explotacións que non serán quen de sobrevivir.

Nos países do leste, este proceso agudizarase aínda máis, pois alí non hai medianas explotacións: ou son pequenas, ou son moi grandes. Estas últimas adoitan a ser as antigas cooperativas socialistas que pasaron a mans privadas e poden chegar a agrupar extensións de terra de máis de cincocentas hectáreas, polo que poderán acceder a subvencións astronómicas.

Fronte a estas grandes explotacións están as pequenas, de menos de catro hectáreas. Ás que traballen con gandería vailles ser case imposible sobrevivir neste novo mercado coas condicións insalváveis que lles impoñerán as industrias alimentarias de países como Alemaña. Os novos países sufrirán un descenso brutal de explotacións aínda peor que o de Galiza.

“Un dos temas centrais na Conferencia de Vía Campesina foi o dos dereitos humanos”

■ **Vostede, xunto a Lidia Senra, representou ao SLG na cuarta Conferencia Internacional da Vía Campesina. ¿Que cuestións centraron os debates?**

En primeiro lugar, fixemos unha análise da situación actual. Posteriormente, os debates centráronse en varios apartados, como o tipo de política agraria e alimentaria defendemos a nivel mundial. Aquí falamos do dereito dos pobos, dos estados, e grupos de estados, a defender a súa soberanía alimentaria e o seu xeito de producir e modelo de alimentación.

Outro dos temas nos que se incidiu foi o dos dereitos dos labregos e labregas, pois o meirande están oprimidos, sendo obrigados a miúdo a abandonar e emigrar ás cidades porque os gobernos e as institucións multilaterais impoñen unhas políticas que non permiten vivir da terra máis que en condicións de escravitude.

Tamén se falou da reforma agraria. Aínda que pareza que este tema é

unha reivindicación de países pobres ou en vías de desenvolvemento, tamén é necesaria en Europa. Temos os casos de Andalucía ou dos países do leste, onde hai moita xente con moi pouca ou nada de terra, e uns poucos que acumulan grandes extensións.

Outra das cuestións importantes foi a dos dereitos humanos, a represión exercida contra as comunidades labregas e indíxenas en todo o mundo. Hai países onde se utiliza o asasinato, mesmo con complicidade do Estado Español, como en Colombia. Mátase fundamentalmente para roubar os recursos primarios dos países, para as grandes agroindustrias. Fóra dos países onde se mata, a represión pode vir por outras vías, como multas, dificultade de acceso á profesión labrega, escasa remuneración, etcétera.

■ **¿Cal sería a valoración final que faría vostede deste evento?**

Vía Campesina é un movemento importante non só no eido agrario, senón

tamén en temas como os dereitos humanos. O único gran movemento organizado que existe a nivel mundial. Dos foros sociais, nos que tamén participamos, forman parte moitas organizacións pero que teñen un ámbito máis reducido.

Fomos capaces de construír un movemento articulado que permite a soberanía das organizacións que o compoñen, o funcionamento de coordinadoras continentais e, ao mesmo tempo, xunta todas esas forzas nun movemento que lle planta cara ás cuestións globais. O lema da Vía Campesina, de globalizar a loita e a esperanza, defínea moi ben.

A nivel organizativo creáronse novas comisións de traballo para tratar temas imprescindibles, pero Vía Campesina segue na mesma liña. Tamén se produciu o cambio que xa estaba previsto de rotar a Secretaría Operativa, que pasará agora de América Central ao Sureste Asiático.

Fouce recibiu unha axuda económica de:

